

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Segundo a Orde do 9 de xuño de 2016 e o Decreto 105, a avaliación será continua e global e terá en conta o progreso no conxunto das áreas. Non obstante, aínda que a avaliación centrarase no nivel de aprendizaxe do alumnado principalmente (cuxos resultados se expresarán en IN, SU, BE, NT e SB), tamén nos centraremos noutros elementos e ámbitos que compoñen a práctica docente.</p> <p>A avaliación que empregaremos será, por tanto, continua, sumativa e formativa. Aproveitaremos a información facilitada polas familias a partir da observación dos seus fillos e fillas durante a realización das actividades propostas (en relación a motivación, interese, participación) e as achegas das tarefas realizadas (a través fotos e arquivos pdf ao correo electrónico facilitado) para avaliar as aprendizaxes construídas.</p> <p>Coa información recollida, ademais da observada durante o primeiro e segundo trimestre, valorarase o grao de consecución respecto aos obxectivos e ás competencias básicas co fin de establecer propostas de mellora, atención á diversidade futura.</p> <p>Sistema de cualificación: Como todo o traballo do 3º trimestre desenvólvese ao completo fóra da escola, a produción de traballos, actitude e participación será o 100 % da nota do 3º trimestre</p> <p>Instrumentos: Os instrumentos empregados para a avaliación do alumnado serán:</p> <ul style="list-style-type: none">- Rexistro do traballo realizado polo alumnado a través de conversas coas familias e das propias achegas do alumnado (por medio de fotos das tarefas enviadas ao correo).- Rexistro da participación e resolución de tarefas na aplicación Snappet, que puxemos en marcha para o traballo de contidos de diferentes materias. <p>De acordo con esta información compartida coa familia e coa que xa se tiña do 1º e 2º trimestre a final de curso contemplaranse na memoria correspondente os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua así como o grao de consecución xeral dos obxectivos e as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas. Ademais contemplaranse contidos, competencias... pendentes para o curso que vén, o que se complementará coas avaliacións iniciais</p>
Cualificación final	<p>Para a obtención da cualificación final do presente curso 2019/2020 teranse en conta as seguintes porcentaxes e calcularase en función das mesmas</p> <ul style="list-style-type: none">- Cualificación obtida na primeira avaliación: 60%- Cualificación obtida na segunda avaliación: 40%- Terceira avaliación: ata un 10% sobre a cualificación obtida, distribuída da seguinte maneira: (0´5% entrega das tarefas propostas, 0´25% segue as indicacións dadas, 0´25% presentación <p>Neste caso a terceira avaliación non puntúa nunca negativamente, sempre en positivo.</p> <p>O alumnado <u>promocionará</u> sempre e cando acade os obxectivos e competencias básicas para ese curso. No caso de que estas non sexan conseguidas, o alumnado non promocionará.</p>
<p>En educación primaria non contemplamos a proba extraordinaria de setembro Non se dá o caso en primaria de alumnado con materia “pendente” como tal.</p>	

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que cursa o nivel de segundo poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceuse, dende o departamento de Orientación, coa colaboración da titora, as medidas curriculares e organizativas que aseguren o seu progreso adecuado.

Durante o período de suspensión as actividades educativas serán a través da modalidade a distancia sempre que resulte posible.

O noso obxectivo será axudar a manter o hábito de estudio e o proceso de aprendizaxe polo que as actividades deseñadas están encamiñadas a que cheguen a todo o alumnado e estean orientadas ao desenvolvemento das competencias básicas.

Priorízanse as tarefas globalizadas dos diferentes ámbitos curriculares, propostas semanalmente, evitándose as tarefas mecánicas e repetitivas en favor de tarefas significativas e motivadoras. As actividades que se propoñen son de consolidación, reforzo, repaso e ampliación do primeiro e segundo trimestre, e de contido xa dado en anos anteriores. As actividades serán de observación, contraste de elementos próximos á realidade actual, de busca de información, de lectura, artísticas, lúdicas, dos libros de texto e dos cadernos de traballo

ACTIVIDADES TIPO PROPOSTAS

ÁREAS DE LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA: Lectura e comprensión oral das narracións de cada unidade do libro. Ortografía: Ditados, palabras con debuxos, completar as actividades dun texto, copiar os recadros do libro de texto, facer fichas de reforzo e de ampliación, realizar exercicios de concordancia de xénero e número nos nomes cos artigos e cos verbos e diversas actividades en soporte informático. Estas complementaranse con actividades propostas no seu libro de texto e con tarefas que o alumnado poida realizar en cadernos ou folios soltos.

	<p>ÁREA DE MATEMÁTICAS: Cálculo de operacións básicas e combinadas. Resolución de problemas. Cálculo mental. Distinción e clasificación de rectas, ángulos, figuras planas e corpos xeométricos. Actividades propostas no libro de texto ademais de en documentos que o alumnado pode visualizar dende a web ou solicitar a súa impresión ao Concello.</p> <p>ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS Actividades propostas no libro de texto. Fichas de actividades de reforzo e ampliación.</p> <p>ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA: actividades de repaso, reforzo e consolidación de contidos do 1º e 2º trimestre a través de exercicios colgado na web en arquivos word, lecturas e actividades do seu libro de texto, tarefas en cadernos e folios, debuxos relacionados, creación de materiais.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>A práctica educativa está marcada por unha metodoloxía que ten en conta ás características do alumnado, así como os seus intereses e demandas. Atenderase ao desenvolvemento de diversos contidos curriculares en función da idade e das características individuais.</p> <p>Todos os luns se publican na web as tarefas propostas para a semana, organizadas por materias. Co fin de facilitar o traballo para o alumnado e non sobrecargalos excesivamente alternamos as materias de tal forma que unha semana propomos tarefas de Lingua Castelá, Matemáticas e Ciencias da Natureza, outra de Lingua Galega, Matemáticas e Ciencias Sociais; así sucesivamente.</p> <p>Estas constan de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades variadas (ditados, creacións...) nos seus libros, cadernos ou en folios, que tamén poden imprimir ou solicitar ao Concello a súa impresión, sobre contidos diversos adaptados á idade e coñecementos previos. - Enlaces de aplicacións web con exercicios e actividades (entre as que se inclúe o acceso á plataforma Snappet) e/ou vídeos con explicacións sobre contidos . <p>O alumnado con conectividade accede directamente á web e dende alí olla as propostas da semana, que non é necesario imprimir. Pola súa parte, ao alumnado sen conectividade envíasele a través do teléfono móbil (vía whatsapp) os documentos pdf coa proposta de tarefas para a súa visualización e realización. Neles inclúense os enlaces para que poidan acceder aos recursos web, vídeos, aplicacións musicais.</p> <p>Nos arquivos inclúese tamén a dirección de correo á que o alumnado debe enviar as tarefas propostas co fin de ter coñecemento do traballo elaborado e, de ser o caso, axudar e orientar ao alumnado para a súa correcta execución.</p>

<p>Materiais e recursos</p>	<p>Potenciarase a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe e tendo en conta as características e necesidades individuais do alumnado.</p> <p><i>Material para o alumnado</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Impresos: libro de texto, libros de consulta, cadernos de traballo, recursos fotocopiabes (fichas), contos, cómics, revistas, periódicos, fichas de reforzo e ampliación, fichas de comprensión lectora. - Elaborados polo profesorado, fichas de reforzo e ampliación e fichas de atención á diversidade. - Vídeos, audios e aplicación web ás que poden acceder dende dispositivos electrónicos como tabletas, ordenadores, móbiles. <p>Para a atención á diversidade usaremos, entre outros, actividades de reforzo ou ampliación propostas na guías didácticas e outro material que elaboremos para tal fin seguindo o currículo establecido.</p> <p><i>Material do profesorado</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Propostas e recursos didácticos para orientar o desenvolvemento dos proxectos. - Vídeos, audios, recursos Tics atopados na web. - Ordenador e outros dispositivos electrónicos (como tableta ou teléfono)
------------------------------------	---